



Harmonía

Conservatorio Profesional de Música Profesional da Estrada

ÍNDICE

| | |
|---|----|
| 1. Introducción | 3 |
| 1.1. Marco legal..... | 3 |
| 1.2. Características do centro e do alumnado..... | 4 |
| 2. Metodoloxía | 6 |
| 3. Atención á diversidade | 8 |
| 4. Temas transversais | 10 |
| 4.1. Educación en valores..... | 10 |
| 4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación..... | 11 |
| 5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas | 13 |
| 6. Secuenciación do 3º curso de Grao Profesional | 14 |
| 6.1. Obxectivos: | 14 |
| 6.2. Contidos: | 14 |
| 6.3. Contidos mínimos esixibles: | 14 |
| 6.4. Criterios de Avaliación: | 15 |
| 6.5. Procedementos de avaliación: | 15 |
| 6.6. *Nota de Advertencia: | 15 |
| 6.7. Exames: | 15 |
| 6.8 Criterios de Cualificación: | 16 |
| 6.9 Proba Extraordinaria: | 16 |
| 6.10. Acceso a 4º de Grao Profesional e ampliación de matrícula a 4º de G. P.: | 16 |
| 6.11. Avaliación Alternativa: | 16 |
| 6.12. Actividades complementarias: | 16 |
| 6.13. Recursos: | 16 |
| 6.14. Bibliografía: | 17 |
| 7. Secuenciación do 4º curso de Grao Profesional | 18 |
| 7.1 Obxectivos: | 18 |
| 7.2 Contidos: | 18 |
| 7.3 Contidos mínimos esixibles: | 18 |
| 7.4 Criterios de Avaliación: | 19 |
| 7.5 Procedementos de avaliación: | 19 |
| 7.6. *Nota de Advertencia: | 19 |
| 7.7. Exames: | 19 |
| 7.8 Criterios de Cualificación: | 20 |
| 7.9 Proba Extraordinaria: | 20 |
| 7.10 Acceso a 5º de Grao Profesional e ampliación de matrícula a 5º de G. P.:..... | 20 |
| 7.11 Avaliación Alternativa: | 20 |
| 7.12 Recuperación de materias pendentes: | 20 |
| 7.13. Actividades complementarias: | 20 |
| 7.14 Recursos: | 20 |
| 7.15 Bibliografía: | 21 |
| ANEXOS: | 22 |
| *Consideracións especiais para o curso 2021-22 derivadas da crise sanitaria pola Covid-19: | 23 |

HARMONÍA

1. Introducción

A presente Programación Didáctica de Harmonía está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao longo dos dous cursos de que consta o grao profesional, e foi realizada de acordo co currículo oficial vixente para a materia e co proxecto educativo do centro, como así establecen os artigos 5º e 10º do capítulo II dos Decretos 198/2007 e 203/2007, do 27 de setembro, respectivamente.

Este documento inclúe, ademais dos obxectivos e contidos, a metodoloxía que se vai a seguir (indicando materiais e recursos didácticos que se empregarán), a avaliación e os seus tipos, procedementos e ferramentas (tanto da aprendizaxe coma da ensinanza e da propia programación), a atención á diversidade, e outras informacións que consideramos de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Entendemos esta programación didáctica como un instrumento flexible, que permite adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe, pero ao mesmo tempo, tamén como marco de referencia que lle dá forma á nosa ensinanza garantía de que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel poidan acceder a unha ensinanza que favoreza a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.

1.1 Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **ORDE do 29 de setembro de 2015** pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de

setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.

- **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Nas ensinanzas profesionais de música teranse en conta as especificacións que se establecen na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e especialmente no seu artigo 9.1º, así como as prescricións do artigo 24 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes como garantía dunha educación acorde co principio de igualdade.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Grao profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

Esta programación da materia de Harmonía de 3º e 4º de Grao Profesional está elaborada pensando para alumnos que xa realizaron os estudos de Linguaxe Musical, materia da cal é continuación a Harmonía.

A importancia do estudo da Harmonía radica en que esta materia enténdese como imprescindible para a completa formación do alumno como instrumentista-intérprete xa que dotará ó alumno das ferramentas harmónico-formais necesarias para a comprensión do seu repertorio, desenvolvendo diferentes xeitos de coñecer as obras que interpreta.

O estudo da Harmonía favorece unha educación auditiva, complementando así o desenvolvemento auditivo levado a cabo durante o estudo da materia de Linguaxe Musical. No caso dos alumnos de instrumentos polifónicos, o estudo da Harmonía desenvolverá a capacidade de repentización, actividade baseada na intuición harmónica.

1.2 Características do alumnado

O centro conta cunha media de 170 alumnos e alumnas na súa maioría do concello. As principais motivacións para o estudo neste Centro son:

- A obtención dun título que lles abra saídas profesionais, e que posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música.
- A calidade da ensinanza.
- A ubicación do Conservatorio.

As expectativas de futuro do alumnado do grao profesional manifesta as súas preferencias por dedicarse á docencia e á práctica instrumental (orquestra, banda, coro, cámara, solista, etc.), e, se cadra, continuar os seus estudos nun Conservatorio Superior de Música.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como problema resaltar a falta de tempo, debido á gran cantidade de horas que o alumnado pasa no seu centro de ensinanza obrigatoria. Outros problemas son a falta de organización, de constancia e concentración no estudo.

O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes.

Concluir que ao ser este un centro de ensinanza artísticas o grao de satisfacción do alumnado co centro é alto, por non ser obrigatorios os devanditos estudos.

Conservatorio de Música Profesional da Estrada

2. Metodoloxía

Como corresponde ao desenvolvemento dun currículo aberto, os aspectos relativos ao cómo ensinar non teñen un carácter normativo e os métodos de ensino son en gran medida responsabilidade do profesor. Así pois, pretendemos aquí expoñer as directrices que seguiremos no desempeño do noso labor pedagóxico.

Desde o momento no que o alumno inicia a súa aprendizaxe, no primeiro curso de Grao Elemental, o docente aplica un sistema pedagóxico baseado na aprendizaxe significativa, de modo que o alumno sempre poida relacionar os seus coñecementos previos cos novos a adquirir.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Os principios que rexerán na elaboración desta programación didáctica e na actividade docente, dotándoa deste modo de coherencia e sentido, serán:

- **Actividade:** o carácter teórico da especialidade require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas vai implícito no noso ensino.
- **Autonomía:** o alumnado será orientado nas clases individuais e nas colectivos, desenvolvendo a autonomía do traballo e a toma de decisións. Utilizaranse técnicas e estratexias que fagan que a transmisión de coñecementos resulte prazenteira para o docente e interesante para o alumno, favorecendo deste xeito unha participación activa do mesmo e fomentando a aprendizaxe en por sí ou de modo autónomo.
- **Creatividade:** trataremos sempre, mediante a práctica musical, de estimular a creatividade a partir da utilización da imaxinación, interiorizando o fenómeno sonoro e conectándoo con outras experiencias de tipo multisensorial. Inclúense actividades que estimulen o pensamento.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- **Convivencia:** fomentárase a socialización nun clima de cordialidade e respecto entre o alumnado ademais de potenciando as relacións do grupo entre sí e o traballo en equipo (a través da clase colectiva), facilitando na medida do posible o seu contacto co exterior (asistencia a audicións, concertos, saídas didácticas, etc.).
- **Significación:** esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que é útil noutras situacións e poderá ter unha aplicación real. Ase mesmo, tentaremos establecer obxectivos que correspondan á capacidade real do

alumno, con suficiente grao de novidade e dificultade para que estimulen a súa curiosidade, utilizar unha linguaxe comprensible, estimular o reto da auto-superación, utilizar reforzos positivos e negativos en función da situación, fomentar a participación nas clases colectivas e desenvolver actitudes positivas ante a actuación en público.

- **Interdisciplinidade:** a relación da aprendizaxe con outras materias do curriculum adquire nos ensinos de Conservatorio unha importancia fundamental xa que todas as materias están conectadas e teñen puntos en común, polo que se fomentará unha aprendizaxe global e funcional. Desde o inicio orientarase o estudo a partir dunha actitude analítica, tratando de relacionar a partitura co fenómeno musical que encerra. Fomentaremos no alumno unha escoita crítica e responsable, potenciando o esforzo e o afán de obter o máximo de si mesmo, así como actitudes adecuadas que se correspondan cunha materia de índole práctica que incide enormemente na educación do espírito e o intelecto.

Conservatorio de Música Profesional da Estrada

3. Atención á diversidade

A atención á diversidade derívase do concepto de atención ás necesidades educativas especiais, na medida en que todos somos diferentes, somos diversos, non aprendemos da mesma forma e necesitamos unha atención diferente. Estas diferenzas veñen determinadas por variables como as capacidades, as estratexias cognitivas, a atención, os coñecementos previos, os estilos de aprendizaxe, a motivación, o axuste emocional, a integración social, etc.

A aula deberá adaptarse o exercicio diario ás condicións específicas de cada alumno, coa finalidade de dar unha resposta educativa o máis adecuada posible ás súas necesidades. Por esta razón, os obxectivos deberán adaptarse ás situacións concretas segundo se considere oportuno, do mesmo xeito que poderá ser necesario retomar, reforzar ou prolongar determinados contidos. En definitiva, o profesor terá a oportunidade de deseñar as súas propias actividades, modificándoas ata a súa correcta asimilación ou ben desenvolver outras novas en función da adaptación do alumno.

Unha ferramenta fundamental na determinación e orientación das medidas de adaptación, reside na **acción tutorial**. Tendo en conta a dificultade e especificidade dos estudos realizados no Conservatorio, a colaboración das familias é determinante para conseguir un desenvolvemento óptimo do alumno. Unha información ampla sobre as características e esixencias de cada materia e unha adecuada comunicación periódica e fluída, con entrevistas habituais cos pais, son a base para poder establecer as condicións máis adecuadas para o desenvolvemento do proceso didáctico. Así mesmo, establecerase unha comunicación constante cos compañeiros de claustro, profesores implicados na educación do alumno de maneira que se poidan obter datos relevantes que permitan en caso necesario reorientar a actividade formativa e levar a cabo as adaptacións que sexan necesarias.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Existen unha serie de medidas establecidas legalmente con vistas a responder as situacións extremas da diversidade do alumnado:

- **Reforzo educativo:** trátase dunha medida de atención á diversidade dirixida especialmente a aqueles alumnos que presentan dificultade ou baixo nivel. Pódese entender como un esforzo adicional que precisa realizar un alumno temporalmente ao non superar algúns dos contidos propostos. O reforzo pode consistir en: a realización dunha serie de traballos (fose do horario de clase) de consolidación dos contidos esixibles ou o establecemento dun horario de resolución de dúbidas ou de revisión de

tarefas (por exemplo, minutos antes ou despois doutra clase á que o alumno deba acudir ao Conservatorio).

- **Adaptacións curriculares individualizadas:** esta medida de atención á diversidade supón a modificación dalgúns elementos do currículo. Estas adaptacións poden ser de dous tipos: non significativas e significativas. Ocupámonos nesta programación das adaptacións curriculares non significativas, dado que as significativas supoñen modificar elementos básicos do currículo, actuación que debe ser levada a cabo con coñecemento do departamento didáctico e de inspección educativa, así como realizarse de acordo a unha previa avaliación psicopedagóxica.

A diferenza do reforzo educativo, unha adaptación curricular non significativa realízase previamente á impartición dos contidos coa finalidade de adiantarse á aparición dos problemas previndo (dada a capacidade do alumno, coñecida a través da avaliación diagnóstica) que dita actuación será necesaria para eses contidos concretos. Unha adaptación curricular non significativa pode afectar:

- **Á metodoloxía,** utilizando as estratexias máis adecuadas ao alumno, orientando o seu estudo cara aos aspectos máis apropiados, proporcionando os materiais ao alumnado, etc.
- **Ás actividades,** deseñando algunhas específicas, diminuíndo ou aumentando o seu número, establecendo diferentes graos de consecución, etc.
- **Á avaliación,** empregando ferramentas de avaliación diferenciadas, eliminando ou introducindo determinadas probas, etc.

A posible adaptación de obxectivos e contidos terá que respectar, en calquera caso, os mínimos esixibles fixados na programación.

4. Temas transversais

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes materias que comprenden o currículo dos ensinos de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

4.1. EDUCACIÓN EN VALORES

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A **educación ambiental** tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á **educación para a saúde**, abordaremolá a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto ton muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertencen.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto produtivo do lecer, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado na clase.
- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- A **educación moral e cívica** abordaremolá ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada

simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respecto aos demais. Todas estas normas estarían referidas aos compañeiros, ao material da aula, ao profesor, etc.

4.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complementa cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

O centro conta con equipos informáticos con conexión a internet, así coma WIFI para alumnos e profesores. Para a materia de harmonía, a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, procura de partituras, arquivos de son, vídeos ou libros especializados.

Coa aplicación das TIC's preténdese acadar os seguintes obxectivos:

- **Desenvolver a autonomía persoal:** A información proporcionada pola rede permite coñecer e contrastar un gran número de versións musicais e coñecer profesores e virtuosos das distintas especialidades instrumentais ca posibilidade de establecer contacto e obter asesoramento. Outro factor importante é que permite coñecer novas formas de empregabilidade relacionadas co campo musical ou información de relevancia respecto ó acceso a estudos superiores. O alumnado debe aprender a seleccionar a información recadada na rede e así tomar as súas propias decisións para continuar o seu proceso educativo e profesional.
- **Coñecer a realidade musical actual:** A través da rede o alumnado atópase en contacto coas noticias de actualidade, ben a través de blogs de solistas e profesorado, de coaching musicais, gravacións recentes, e diferentes portais sobre programas de estudos no estranxeiro. O propio Centro, a través de aplicacións como youtube difunde as súas actividades como audicións do alumnado, concertos e cursos.
- **Aprender a manexar novas aplicacións informáticas musicais** relacionadas ca edición da escritura musical, a gravación, a edición, e a mestura do son.
- **Segundo está recollido nos documentos organizativos do Centro, non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice, sempre con fins didácticos.**

- Asemade, o profesorado poderá empregar e autorizar ao alumnado o uso co móbil ou tablet de programas ou aplicacións informáticas tales como metrónomos, afinadores, ou similares.

Conservatorio de Música Profesional da Estrada

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades cumpren diversas funcións:

- Completar a formación dos alumnos.
- Servir de actividades de formación e avaliación.
- Dinamizar e implicar ao alumnado na vida cultural do centro e o seu entorno.
- Como factor de motivación.

Poderán ser organizadas polo departamento, de xeito interdisciplinar con outros departamentos ou en colaboración con outras institucións externas ao Centro. Serán programadas ao comezo do curso e consistirán en:

- Audicións, exposicións, proxeccións, concursos ou conferencias.
- Organización de agrupacións de alumnos.
- Intercambio con outros centros ou viaxes de estudos.
- Cursos de formación.
- Asistencia a concertos fora do centro.

Conservatorio de Música Profesional da Estrada

6. Secuenciación do 3º Curso de Grao Profesional

HARMONÍA 1º

6.1 Obxectivos:

- Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal, as súas características e funcións.
- Utilizar en traballos escritos os elementos e procedementos básicos da harmonía tonal.
- Desenvolver o oído harmónico e a capacidade de escoitar internamente encadeamentos tonais simples tanto na análise como na realización de exercicios escritos.
- Tocar esquemas harmónicos básicos no piano.
- Identificar a través da audición a funcionalidade e a natureza dos acordes propios da tonalidade e os procedementos máis comúns da harmonía tonal.
- Identificar a través de exemplos musicais os acordes e os procedementos máis comúns da harmonía.
- Desenvolver a capacidade crítica fronte á escasa calidade harmónica que puidera presentarse tanto en músicas propias como alleas.

6.2 Contidos:

- O Acorde.
- Tonalidade e funcións tonais.
- Estado fundamental.
- Inversión dos acordes.
- Acordes de cuarta e sexta.
- Cadencias.
- Enlaces de acordes.
- Acordes sobre o I, II, IV, V, VI.
- Acorde sobre o VII.
- Coñecemento da sétima de dominante.
- Coñecemento dos acordes de sétima menor e diminuída sobre o VII.
- Progresións unitónicas.

6.3 Contidos Mínimos Esixibles:

- Coñecemento de toda as tonalidades (maiores e menores) e os seus respectivos graos.
- Intervalos harmónicos (consonancia e disonancia).
- Dominar o recoñecemento de toda clase de intervalos (Maiores, menores, Xustos, Aumentados e diminuídos).
- Coñecer as diversas tesituras das partes harmónicas.
- Saber construír e recoñecer os diversos acordes (Maiores, menores e diminuídos).
- Acordes, tríada a catro partes. Duplicacións e posicións.
- Enlace de acordes en estado fundamental partindo do baixo (enlaces estritos; variantes; duplicando a terceira ou a quinta, quintas e oitavas seguidas e quintas e oitavas resultantes ou directas).
- Saber e recoñecer as diversas cadencias.
- Movementsos e xiros melódicos (permitidos e prohibidos).
- Acordes de 5ª diminuída.
- Primeira inversión dos acordes perfectos (6 ou 6/3) (Maiores e menores) (enlace dos acordes de 6ª).

- Varios acordes sobre unha nota.
- Primeira inversión dos acordes diminuídos.
- Realización da serie de 6ª.
- Segunda inversión dos acordes perfectos (6/4).
- Enlace dun acorde fundamental seguido dun de 6/4 en movemento descendente por graos conxuntos.
- Segunda inversión dos acorde de 5ª diminuída (6/+4).
- Recoñecer e realizar marchas progresivas.

6.4 Criterios de Avaliación:

- Realizar exercicios a partir de un baixo cifrado dado.
- Realizar exercicios de harmonización a partir de cantos dados.
- Realizar exercicios de harmonización a partir de baixos sen cifrar dados.
- Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos da harmonía tonal.
- Identificar auditivamente os principios procedementos sintácticos da harmonía tonal.
- Realizar dictados harmónicos nos que o alumnado deberá diferenciar entre diferentes tipos de acordes, cadencias, etc.
- Emprega-lo piano como ferramenta de estudio da harmonía tanto á hora de toca-los exercicios de clase como de realizar improvisacións sobre patróns dados etc...

6.5 Procedementos de avaliación:

Os procedementos de avaliación serán plantellados desde tres ámbitos:

- Avaliación inicial ou de coñecementos previos do alumno.
- Avaliación continua ou de procesos.
- Avaliación final ou de resultados.

Todos estes procedementos de avaliación estarán fundados na observación e anotación sistemática da evolución do alumno para o cal o profesor axudarase da corrección e revisión da caderno de clase.

6.6 Nota de Advertencia:

O alumno que non acade a realización dos contidos mínimos esixibles será motivo para non supera-lo curso. Quedando a criterio do profesor o nivel técnico que debe acadar o alumno para supera-lo curso correspondente.

6.7 Exames:

Realizaranse tres exames ó longo do curso (un por cada trimestre). Para a realización do exame, os alumnos disporán dun máximo de 3 horas podendo ausentarse do mesmo no caso de ter que participar nalgunha actividade especial do centro (audicións, concursos, etc.).

O exame trimestral constará de dúas partes:

- Unha ou varias preguntas teóricas referidas ó explicado na clase.
- Un exercicio longo de harmonización ou varios exercicios máis breves.

Os grupos que teñan dúas horas de clase consecutivas poderán realiza-lo exame nas horas de clase, realizando a parte teórica nunha sesión dunha hora e a parte práctica nunha sesión de dúas horas. Para os grupos que teñan as dúas horas de clase separadas os exames deberanse realizar, anunciándose con tempo suficiente, fóra do horario de clase.

Farase un só exame para cada curso.

No caso de imposibilidade do alumno de presentarse ó exame por conflitos de horario cos estudos de réxime xeral ou por traballo, estudarase a posibilidade de realiza-lo exame noutro horario previa presentación dun xustificante oficial do centro onde estudia ou da empresa para a cal traballa.

6.8 Criterios de cualificación:

- A participación activa na clase á hora de realizar actividades ó piano, preguntar dúbidas e propoñer solucións ós problemas prantexados suporá un 20% da nota final.
- A realización dos traballos da casa suporá un 40% da nota final.
- Os traballos realizados en grupo suporá un 10% da nota final
- Os exames escritos ou orais suporá un 40% da nota final.

6.9 PROBA EXTRAORDINARIA:

A proba extraordinaria constará de dúas partes:

- Unha proba teórica referida ós contidos traballados durante o curso. Esta proba suporá un punto da nota do exame.
- Unha proba práctica que consistirá na realización de diferentes exercicios baseados en cantos ou baixos dados con ou sen cifrado. O conxunto desta proba suporá 9 puntos da nota do exame.

6.10 Acceso a 4º de G. P. e ampliación de matrícula a 4º de G.P.

Os alumnos que se presenten ó acceso a 4º de G.P. ou a ampliación de matrícula a 4º G.P. deberán demostrar o seu dominio dos contidos de 3º de Harmonía G.P. Para iso faráselle en ámbolos dous casos unha proba baseada nos contidos de 3º de Harmonía e cuxa estrutura será igual que a do exame de Setembro 3º G.P. descrito anteriormente.

6.11 Avaliación Alternativa (Proba para os alumnos que perdan o dereito á avaliación continua).

- O alumnado que por exceso de faltas de asistencia teña perdido o dereito á avaliación continua terá dereito a un exame alternativo ó final de curso, no mes de xuño. Esta proba seguirá o mesmo protocolo do exame extraordinario de setembro descrito anteriormente.

6.12 Actividades complementarias:

Dependendo das condicións do centro, como actividade complementaria podería plantellarse a realización de audicións dos traballos realizados polos alumnos con axuda, ben de medios informáticos, ben de instrumentistas que desexen colaborar na audición, ou ben coa colaboración do departamento de Coro.

Tamén se considera interesante a organización de cursos monográficos sobre contidos da programación.

6.13 Recursos:

- Pizarra e papel pautados.
- Piano.
- Equipo de música.
- Partituras para a análise, preferentemente do repertorio de piano complementario dos alumnos
- Ordenador e programas informáticos para a música.

6.14 Bibliografía

| | |
|--|--|
| Tratados de Armonía y libros de ejercicios | Joaquín Zamacois o Ed. Idea Books o Ed. Verbum |
| Armonía Tonal | Luis Blanes o Real Musical |
| Estudios de Armonía | V. De Arín y Fontanilla |
| Tratado teórico-práctico de armonía | Rimsky-Korsakov o Ed. Ricordi, 1947 |
| Armonía | Walter Pistón o Ed. Span Press Universitaria, 1998 |
| Armonía | Emilio Molina, Ignacio Cabelo e Daniel Roca o Real Musical, 2001 |

Conservatorio de Música Profesional da Estrada

7. Secuenciación do 4º Curso de Grao Profesional

HARMONÍA 2º

7.1 Obxectivos:

- Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características e funcións.
- Utilizar en traballos escritos os elementos e procedementos básicos da harmonía tonal.
- Desenvolver o oído interno tanto na análise como na realización de exercicios escritos.
- Tocar esquemas harmónicos no piano.
- Identificar a través da audición a funcionalidade e a natureza dos acordes propios e estraños á tonalidade e os procedementos máis comúns da harmonía tonal.
- Identificar, a través da análise de obras os acordes e os procedementos máis comúns da harmonía tonal e as transformacións temáticas.
- Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coas formas musicais máis simples.
- Desenvolver a capacidade crítica fronte á escasa calidade harmónica que puidera presentarse tanto en músicas propias como alleas.
- Crear as bases para a continuación do estudio dos elementos constitutivos da música na materia de Análise.

7.2 Contidos:

- As dominantes secundarias.
- Introducción á modulación diatónica.
- A modulación diatónica (continuación), cromática e enharmónica
- Progresións modulantes.
- A novena de dominante.
- Notas de adorno.
- Harmonización dun canto dado (Tiple).
- Acordes de sétima sobre o I, II, III, IV e VI.
- Coñecemento da nota pedal.

7.3 Contidos Mínimos Esixibles:

- Realizar a numeración dun Baixo.
- Numeración do Baixo na serie de 6ª.
- Numeración do Baixo nas marchas progresivas.
- Harmonización dun canto dado (Tiple).
- Harmonización dun canto dado (Tiple) evitando a monotonía, mesturando os acordes do primeiro grupo cos do segundo e terceiro.
- Cando debe usarse a segunda inversión dos acordes.
- Modulacións (diatónica, cromática).
- Cambios de modo.
- Marchas progresivas modulantes.
- Harmonización dun canto (Tiple) que conteña modulacións.
- Acorde de 7ª de dominante. Inversións do acorde de 7ª de dominante.

- Acorde de 7ª de dominante como base para modular.
- Acordes de 7ª menor e de 7ª diminuída sobre a sensible e inversións.
- Coñecemento do acorde de 9ª de dominante (maior e menor) e inversións.

7.4 Criterios de Avaliación:

- Realizar exercicios a partir de un baixo cifrado dado.
- Realizar exercicios de harmonización a partir de cantos dados.
- Realizar exercicios de harmonización a partir de baixos sen cifrar dados.
- Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos da harmonía tonal.
- Identificar auditivamente os principais procedementos sintácticos da harmonía tonal.
- Identificar mediante a análise de obras os elementos morfolóxicos da harmonía tonal.
- Identificar mediante a análise de obras os procedementos sintácticos e formais da harmonía tonal.
- Realizar dictados harmónicos nos que o alumnado deberá diferenciar entre diferentes tipos de acordes, cadencias, etc.
- Emprega-lo piano como ferramenta de estudo da harmonía tanto á hora de toca-los exercicios de clase como de realizar improvisacións sobre patróns dados etc.

7.5 Procedementos de avaliación:

Os procedementos de avaliación serán plantellados desde tres ámbitos:

- Avaliación inicial ou de coñecementos previos do alumno.
- Avaliación continua ou de procesos.
- Avaliación final ou de resultados (convocatoria de xuño e setembro).

Todos estes procedementos de avaliación estarán fundados na observación e anotación sistemática da evolución do alumno para o cal o profesor axudarase da corrección e revisión do caderno de clase.

7.6 Nota de Advertencia:

O alumno que non acade a realización dos contidos mínimos esixibles será motivo para non supera-lo curso. Quedando a criterio do profesor o nivel técnico que debe acadar o alumno para supera-lo curso correspondente.

7.7 Exames:

Realizaranse tres exames ó longo do curso (un por cada trimestre). Para a realización do exame, os alumnos disporán dun máximo de 3 horas podendo ausentarse do mesmo no caso de ter que participar nalgunha actividade especial do centro (audicións, concursos, etc.).

O exame trimestral constará de dúas partes:

- Unha ou varias preguntas teóricas referidas ó explicado na clase. Esta parte suporá puntos da nota do exame.
- Un exercicio longo de harmonización ou varios exercicios máis breves.

Os grupos que teñan dúas horas de clase consecutivas poderán realiza-lo exame nas horas de clase, realizando a parte teórica nunha sesión dunha hora e a parte práctica nunha sesión de dúas horas. Para os grupos que teñan as dúas horas de clase separadas os exames deberanse realizar, anunciándose con tempo suficiente, fóra do horario de clase.

Farase un só exame para cada curso.

No caso de imposibilidade do alumno de presentarse ó exame por conflitos de horario cos estudos de réxime xeral ou por traballo, estudarase a posibilidade de realiza-lo exame noutro horario previa presentación dun xustificante oficial do centro onde estudia ou da empresa para a cal traballa.

7.8 Criterios de cualificación:

- A participación activa na clase á hora de realizar actividades ó piano, preguntar dúbidas e propoñer solucións ós problemas plantexados suporá un 20% da nota final.
- A realización dos traballos da casa suporá un 40% da nota final.
- Os traballos realizados en grupo suporá un 10% da nota final
- Os exames escritos ou orais suporá un 40% da nota final.

7.9 PROBA EXTRAORDINARIA:

A proba extraordinaria constará de dúas partes:

- Unha proba teórica referida ós contidos traballados durante o curso. Esta proba suporá un punto da nota do exame.
- Unha proba práctica que consistirá na realización de diferentes exercicios baseados en cantos ou baixos dados con ou sen cifrado. O conxunto desta proba suporá 9 puntos da nota do exame.

7.10 Acceso a 5º de G. P. e ampliación de matrícula a 5º de G.P.

Os alumnos que se presenten ó acceso a 5º de G.P. ou a ampliación de matrícula a 5º G.P. deberán demostrar o seu dominio dos contidos de 4º de Harmonía G.P. Para iso faráselle en ámbolos dous casos unha proba baseada nos contidos de 4º de Harmonía e cuxa estrutura será igual que a do exame de Setembro 4º G.P. descrito anteriormente.

7.11 Avaliación Alternativa (Proba para os alumnos que perdan o dereito á avaliación continua).

- O alumnado que por exceso de faltas de asistencia teña perdido o dereito á avaliación continua terá dereito a un exame alternativo ó final de curso, no mes de xuño. Esta proba seguirá o mesmo protocolo do exame extraordinario de setembro descrito anteriormente.

7.12 *Recuperación de materias pendentes.

O alumnado ca Harmonía de 3º pendente asistirá ás clases de 3º Curso e realizará as mesmas tarefas e probas.

7.13 Actividades complementarias:

Dependendo das condicións do centro, como actividade complementaria podería plantellarse a realización de audicións dos traballos realizados polos alumnos con axuda, ben de medios informáticos, ben de instrumentistas que desexen colaborar na audición, ou ben coa colaboración do departamento de Coro.

Tamén se considera interesante a organización de cursos monográficos sobre contidos da programación.

7.14 Recursos:

- Pizarra e papel pautados.
- Piano.
- Equipo de música.
- Partituras para a análise, preferentemente do repertorio de piano complementario dos alumnos.
- Ordenador e programas informáticos para a música.

7.15 Bibliografía

Tratados de Armonía y libros de ejercicios
Armonía Tonal
Estudios de Armonía
Tratado teórico-práctico de armonía
Armonía
Armonía

Joaquín Zamacois o Ed. Idea Books o Ed. Verbum
Luís Blanes o Real Musical
V. De Arín y Fontanilla
Rimsky-Korsakov o Ed. Ricordi, 1947
Walter Pistón o Ed. Span Press Universitaria, 1998
Emilio Molina, Ignacio Cabelo e Daniel Roca o Real Musical, 2001

Conservatorio de Música Profesional da Estrada

ANEXO I

FALTAS DE ASISTENCIA (Perda do dereito á avaliación continua).

Harmonía é unha materia presencial na que se realiza unha avaliación continua do alumnado a través dos criterios expostos anteriormente. O alumnado que falte reiteradas veces a clase non poderá ser avaliado dun xeito continuo, polo que perderá o dereito a unha avaliación continua.

Considerarase que o alumnado perde o dereito á avaliación continua cando acumula mais de 4 faltas nun mesmo trimestre ou mais de 12 no total do curso.

O alumnado que por exceso de faltas de asistencia teña perdido o dereito á avaliación continua terá dereito a un exame alternativo ó final de curso, no mes de xuño. Esta proba seguirá o mesmo protocolo do exame extraordinario de setembro descrito anteriormente.

Establécense dous tipos de faltas:

- **Xustificadas.**
- **Sen xustificar.**

O profesor será o responsable de controla-las faltas (admitindo ou non a súa xustificación), supervisado pola xefatura de estudos.

| | |
|----------------------------|------------------------------|
| Faltas Xustificadas | Faltas sen Xustificar |
| Por Trimestre 4 | Por Trimestre 3 |
| Total Curso 12 | Total Curso 9 |

Materias de 2 sesións semanais.

** Non se poderá superalo número de faltas xustificadas ou sen xustificar, pois acumúlanse ámbalas categorías, así mesmo nunca poderá excederse o máximo establecido para as faltas xustificadas, xa sexa nun trimestre, ou no total do curso.*

ANEXOS II

Procedemento para as Titorías de Pais / Nais.

O profesor de Harmonía non é titor destes alumnos/as (o profesor titor é o de instrumento).

Para calquera dúbida débese consultar co profesor titor, que estará en contacto co resto de profesorado e é o responsable de todo o proceso de aprendizaxe do alumno/a no Conservatorio.

No caso de desexar unha entrevista co profesor de Harmonía, deberá solicitárselle ó mestre titor por escrito, como mínimo cunha semana de antelación.

Criterios para a obtención dos premios fin de grao.

Non se contempla nesta materia.

ANEXOS III

CONSIDERACIÓNS ESPECIAIS PARA O CURSO 2021-22 DERIVADAS DA CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
- Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:
 - a) Establécese un modelo de Aula Virtual común para todo o profesorado
 - b) Comunicación estreita coas familias e co alumnado, para seguir de cerca a evolución, estar ao día das dúbidas ou problemas que poidan xurdir. Tentar chegar a todas e todos os alumnos, con todos os medios ao alcance.
 - c) No caso de non poder contactar con algún/algunha, poñelo en coñecemento do/da titor/titora ou da Dirección, para tentar buscar unha solución.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e comunicarllo o centro.

DISPOSICIÓNS E PROTOCOLOS ESPECÍFICOS RELATIVOS ÁS VIDEOCONFERENCIAS DE SESIÓN LECTIVAS

Debido ás circunstancias, poderanse realizar videoconferencias e/ou gravar sesións lectivas. Esta medida tómase de maneira excepcional e temporal, en tanto dure a situación de excepcionalidade sanitaria debida á COVID-19. Esta ferramenta de difusión e/ou gravación das clases ten o único obxecto de facer accesible o seu contido a aqueles alumnos da clase que non poden acudir presencialmente á aula. Así pois, nas disposicións seguintes establécense as normas oportunas para que se cumpra esta premisa xeral:

1. As videoconferencias e/ou gravacións lectivas son de acceso exclusivo para os alumnos do profesor que imparte a clase por videoconferencia.
2. Está prohibido o acceso ás videoconferencias e ás súas gravacións de calquera persoa que non sexa nin o profesor nin os alumnos participantes.
3. A difusión ou manipulación do contido das videoconferencias por calquera medio será considerado falta moi grave.

Como consecuencia destas disposicións, as posibles discrepancias sobre o sucedido na aula non se dirimirán nunca mediante o acceso ás gravacións, salvo que a discrepancia teña lugar entre individuos que de maneira natural teñan acceso a elas (alumnos e profesor asistentes a esa clase) e no proceso só interveñan eles. Sí se poderá investigar o sucedido nunha aula polos medios habituais ao alcance do equipo directivo (entrevistando aos intervinientes, comprobando tarefas encargadas, etc.).